A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria – urxente que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 4 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. LOTES I E II.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 17 de xaneiro de 2018, da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2018/15 de data 18.1.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Concepción Fernández Fernández**, concelleira delegada de políticas sociais, diversidade e saúde, e presidenta da mesa de contratación da licitación "*Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela*", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 19 de decembro de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que as ofertas máis vantaxosas das

presentadas son as dos licitadores SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL, polo que respecta ó lote I, e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, polo que respecta ó lote II.

Segundo: Con data 17 de xaneiro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polos licitadores propostos, considerando os membros da mesa que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento polo que respecta ó **lote I** e oferta un prezo de **14,984 euros/hora** (máis 4% de IVE) de prestación do servizo, o que implica un número de horas anuais estimadas de 65.898'90, e **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA**, que acadou a máxima puntuación no procedemento polo que respecta ó **lote II** e oferta un prezo de **15,330 euros/hora** (máis 4% de IVE) de prestación do servizo, o que implica un número de horas anuais estimadas de 59.760, ó ser as súas as ofertas máis vantaxosas das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora responsable do contrato a Dna Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área social.

O gasto máximo autorizado para este contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 22703**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Lote	2018 (10 meses)	2019 (12 meses)	2020 (2 meses)	Total €
1	855.752,08€	1.026.902,50€	171.150,42€	2.053.805,00€
2	793.961,46€	952.753,75€	158.792,29€	1.905.507,50€
Totais	1.649.713,54€	1.979.656,25€	329.942,71€	3.959.312,50€

."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de **"Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela"**, a favor de **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento polo que respecta ao **lote I** e oferta un prezo de **14,984 euros/hora** (máis 4% de IVE) de prestación do servizo, o que implica un número de horas anuais estimadas de 65.898,90, e **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA**, que acadou a máxima puntuación no procedemento polo que respecta ao **lote II** e oferta un prezo de **15,330 euros/hora** (máis 4% de IVE) de prestación do servizo, o que implica un número de horas anuais estimadas de 59.760, ao ser as súas as ofertas máis vantaxosas das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora responsable do contrato a Dona Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área social.

O gasto máximo autorizado para este contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 22703**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Lote	2018 (10 meses)	2019 (12 meses)	2020 (2 meses)	Total €
1	855.752,08€	1.026.902,50€	171.150,42€	2.053.805,00€
2	793.961,46€	952.753,75€	158.792,29€	1.905.507,50€
Totais	1.649.713,54€	1.979.656,25€	329.942,71€	3.959.312,50€

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández